

CASTROS

DE A

ESTRADA

L I M I A R

Matinamos nunha escola dinámica, nunha escola que leve ós picariños a ser eles mesmos os protagonistas do ensino. Para chegar a esta méta a escola ten que saír fóra desas paredes atafegantes, que as máis das veces afillan ó rapaz da realidade cotidián e leváo á mundos que lle din ben pouco da súa identidade como home e como galego.

Se a esta realidade lle engadimos outra de tanto valor como ela:

"Só se ama aquilo que se coñece", non hai outro remedio que introduci-lo neno no seu entorno para observar, amar e estudia-las vivencias da terra, dos homes, da natureza próxima e, por estes vieiros, chegar ós coñecementos universais.

Con estas arelas saímos percorre-los castros do Concello de A Estrada. Os nosos anceios non eran facer un estudio erudito, pois sabemos as nosas limitacións, pero unha ollada a eses montelos esquencidos; lembra-las belidas lendas das "eiriras dos mouros", da fontenla onde a raiña encantada peitea os longos cabelos, dos tesouros enterrados no fondo das covas e dos tempos; ollar, dende o cume, as fermosas camposas da nosa terra; valora-la riqueza madeireira dos nosos montes, etc. etc., coidamos poida se-lo escomenzo dunha escola activa e un ledo labor para despertar no rapaz os degoiros do estudio.

O traballo tivo tres fases ben distintas, todas elas feitas en horas extra-escolares:

- a).- Visitas ó Museo de Pontevedra os sábados. Alí tomamos notas sobre dos estudos que xa están feitos encol dos castros desta zona. Nomeados hai unha chea deles, pero estudiados ben poucos.
- b).- Visita-los castros, toma-las mensuras, facer observacións, recolle-los poucos testemuños que puideramos atopar nun tobo dun raposos, nun valo desfeito, etc.. escoita-las lendas que as xentes vellas saiban encol dos castros ou das outras, pois os nosos nenos, apreixados e engaiolados polos novos tempos, non escoitan ós avós.
- c).- Traballo de sintetización das observacións e dos achádegos nas saídas ós castros. Clasificar as fotografías e facer diapositivas das pezas atopadas.

O Equipo de traballo

I N D I C E

páx.

Equipo de traballo	4
Limiar	5
Os castros	6
Mapa (Lámina)	8
Castro de Matalobos	10
Castro de San Bartolomeu	12
Castro de Santa Cristina de Veá	14
Castro Valente	17
Outeiro de San Xorxe	18
Castro de Couso	19
Castro de Renda	21
Castro de Pearo	22
Castro de Aguíóns	24
Castro de Trasmonte	27
Castro de Vilagude	28
Castro de Friamonde	29
Castro de Aldea Grande	31
Castro de Santo Tomás de Acorados	33
Castro de Remesar	35
Castrotión	37
Castro de Moimenta	39
Castro de San Miguel	41
Castro de Viladafonso	43
Castro de Ouzande	45
Castro de Guimarei	48
Castro-Ramiro	50
Castro de Tabeirós	52
Castro de Rivela	54
Castro de Quintas	55
Castrovite	57
Castro de Marcenlos	58
Castro de Perrono	60
Síntesis	63
Bibliografía	64
Fotografías	70
Diapositivas	71
Epílogo	

A ESTRADA

O S C A S T R O S

Entre a Pontevedra das Rías Baixas ridente, mariñeira e xuvenil e a Pontevedra da Montaña rexa, labrega e baril atópase o noso Concello de A ESTRADA.

Dicimos que este Concello é transición das dúas comarcas porque coidamos que as Rías Baixas chegan nidiamente ó estreito val de Segade, en Caldas de Reis, onde medran, florecen e fructifican limoeiros e laranxeiros. E, para nós, a derradeira amosa das rías está no pazo de Oca onde as floridas camelias donan a súa fidalga fermosura ó "Versalles Galego". Cos seus 295 quilómetros cuadrados de superficie e altitudes que van dende os corenta metros sobre o nivel do mar, nos vales de Barcala e Couso, deica os 789 metros que acada o cume do monte dos Cregos, na parroquia de San Miguel de Arca, o Concello de A Estrada é un belido conxunto de serras, vales e augas.

O pai Ulla, camiño do mar de Arousa, recolle polo norte as limpas augas dunha chea de regatos pequenos: Riobó, Boca, etc. e regatos con arelas de rios: Liñares, Veá, etc.. Polo sur recorre, de vagariño, as terras de Rivela, Codeseda e Arca o río Umia que leva consigo as augas frias e cantadeiras que lle baixan os montes destas parroquias.

Cun clima doce, augas abundantes e vizosas ribeiras, este Concello 'e hoxe e foi, en tempos pasados, chan idóneo para o asentamento de pobos chegados ou nados na longa e oscura noite da prehistoria.

Se, como escribe F. R. Avieno en Ora Marítima, ata aquí chegaron, na idade de ferro, os Oestrymnicos, pobo de grande forza e ánimo ergueito, abofé non pasarían de largo diante dos axeitados cumios con frescos regatos de cristaiñas augas na súa base.

Certamente foi así, pois os estudos realizados polos arqueólogos sinala, neste concello de A Estrada, arredor duns trinta castros. Castros que uns máis, outros menos, amosan restos dunha cultura castrexa.

Estes curutos habían servirlle a aqueles homes como reducto defensivo ou de refuxio cando chegase a hora de loitar cos outros pobos ou tribos.

COLEXIO PUBLICO DE FIGUEROA

A ESTRADA

EQUIPO DE TRABAJO

Rapaces :

CARRACEDO GOLDAR, Montserrat	8º Nivel
CHACON VILLAR, Emilia	8º Nivel
DOMINGUEZ PUENTE, Ana	8º Nivel
GOMEZ FOLGAR, Javier	7º Nivel
GONZALEZ CAMPOS, Guadalupe	8º Nivel
LUIS DIEZ, Manuel Angel	8º Nivel
PEDREIRA VILARIÑO, Marina	8º Nivel
SILVA LOPEZ, Alberto	8º Nivel
VAZQUEZ TORRADO, María	8º Nivel
VAZQUEZ TORRADO, Miguel	7º Nivel

MESTRE DIRECTOR DO TRABAJO

ARCA CALDAS, OLIMPIO

A ESTRADA

Os castros, desfeitos hoxe pola incuria dos veciños e gobernantes e esbullados hai anos pola influencia do "Ciprianillo" e a sinxeleza dos nosos labregos, están aí coa súa historia, pequena ou grande, sen ter feito deles un estudio serio e científico.


Ben é certo que F. Bouza Brey en "Castros de la comarca de La Estrada" estudia os castros de Guimarei, Rivela, Trasmonte e Matalobos, basándose, como el mesmo dí, nos testemuños e achádegos que fixera Dn. Antonio Fraguas y Fraguas na súa época de Profesor no instituto de A Estrada. Nese mesmo estudio nomeu unha ringleira de castros seguindo o libro de Dn. Pedro Varela Castro, "La Estrada". Este mesmo autor, Bouza Brey, ten entre outros máis, un traballo tidoado "A propósito de un objeto lítico del Castro de Rivela".

Hai tamén outros autores que escribiron encol dos castros estradenses co gallo de atoparse, case sempre de maneira fortuita, algunhas pezas ou restos. Entre eles hemos de nomear a F. López Cuevillas, quen, en Joyas Castreñas, fia o estudio dun brazalete de ouro atopado no castro de Moimenta (San Xulián de Arnois), brazalete que hoxe pertence a Col. Blanco Cicerón de Santiago. Os devanditos estudiosos, López Cuevillas e Bouza Brey, na súa obra "Os Oestrymnios" citan tamén algúns castros estradenses como o de Santo Tomás de Ancorados arredor duns signos alfabéticos.

Outros moitos autores fan alusións os castros de A Estrada nos seus traballos. Este é o caso de : P. Sobreira en Carta de la Academia de la Historia; Barros Silvelo e Alvarez Limeses en "Provincia de Pontevedra in Geografía General de Galicia". Todas estas citas non deixan de ser estudos parciais importantes, pero botamos de menos un estudio profundo e total dos nosos castros.

Polas conversas cos veciños soupemos que estudantes da Universidade de Santiago están a ollar de novo os castros. Son eles os que coa súa preparación e coa axuda dos mapas aéreos poden da-la información que estamos a necesitar.

A. ESTRADA



C A S T R O S

D E

A E S T R A D A

C A S T R O D E G U I M A R E I

Número no mapa.- 21

PLANO DO EMPRAZAMENTO.-

EMPRAZAMENTO.- No lugar de Rial, na paraxe do Outeiro da parroquia de San Xulián de Guimarey atópase o castro. Chégase a el pola carretera de A Estrada a Vilapouca a dous quilómetros e medio da Vila, a uns doucentos metros por unha pista da concentración.


Ollase dende o castro, pola banda do sur e do leste as leiras e montes das freguesías da Somoza e Guimarei. Polo norte o val do liñares astra os montes da Rocha. Un pequeno monte cerra o horizonte pola banda do oeste.

DEFENSAS.- As defensas consisten nun terraplén de altura variable entre os once metros polo nor-oeste ós dazasete metros pola banda do sur-oeste. Polo norte, despois da primeira defensa observase na súa base unha chan duns cinco metros e logo un novo parapeto. Dentro do castro as alturas van dende os tres metros polo norte a metro e medio pola banda do sur e do oeste. Todas as defensas son de terra e están moi esmorecidas.

MENSURAS


Ten o castro unha feitura circular se ben o eixe maior, norte-sur, é un pouco meirande, 110 metros, mentres que o eixe leste-oeste mide uns cen metros.


OBSERVACIONES.- Os valados que dividen as leiras do castro son de pedra que poida ser das murrallas ou das casas que alí se atoparon fai tempo.



Todo o castro está cuberto de eucalip-tos pinos e carballos con abundante toxo. Unha pista da concentración desfixo as defensas polo oeste. Non albiscamos por ningunha parte restos das construccions das que falan os estudiosos deste castro.

PLANO DO CASTRO.-





C A S T R O D E M A T A L O B O S

Número no mapa: 1

EMPRAZAMENTO.— No linde das parroquias de Santa Baya de Matalobos e San Pedro de Toedo, no cume dun montenlo isolado. As dúas parroquias discutían a pertencencia do castro pois os límites non están ben definidos e os veciños de ambas dúas freguesías teñen alí propiedades.

Para chegar deica el apártase a dereita da carretera de Santiago A Estrada, a altura do quilómetro 20. A uns trescentos metros pola pista que vai a eigreja de Matalobos atópase a falda do castro. Distancia A Estrada uns catro quilómetros.

Ollase dende o curuto polo sur a Vila de A Estrada; polo norte pecha o horizonte o perto Outeiro da Loba; polo leste as camposas de Toedo e Santeles deica o Pico Sacro e polo oeste as terras de Matalobos.


DEFENSAS.— As defensas de terra están moi esmorecidas e moi esbandalladas. Unha pista que fixeron os da concentración desfixo un bo anaco das defensas pola banda do sur.

Dentro do castro teñen unha altura de dous a tres metros. Pola banda do leste, aproveitando unhas rochas atopamos unha defensa exterior.

Fai menos dun ano o Instituto Geofísico cantou enriba das defensas unha torre de cemento de catro metros de altura.


MENSURAS.— Ten feitura ovalada cun eixe maior duns oitenta metros e 45 metros

PLANO DO EMPRAZAMENTO



de eixe menor. No exterior, pola banda do sur ten unha forte pendente duns sesenta metros cunha altura de cuarenta. Polo norte a pendente é moito máis suave pois xa enlaza co monte, cunha altura de catro metros. Aolas bandas do leste e oeste e bastante levadeira.

PLANO DO CASTRO



OBSERVACIONES.- No perfil da pista que sube ó castro encontramos pedras moi ben colocadas na súa base. Nun plano superior óllamos terra moura e pedras coma xeixos; logo noutro sedimento cachos de cerámica.

O castro aparece queimado do vran derradeiro e polo tanto sen árbores.

Na mesma defensa, polo nor-leste, chantaron unha columna de cemento na que se ollou a seguinte inscrición: " INSTITUTO GEOGRAFICO NACIONAL. Vértice geodésico. La destrucción de esta señal está penada por la ley".


ACHADEGOS.- Cachos de cerámica da que debuxamos a máis representativa.

FOLCLORE.- "Decían os máis vellos do lugar que ese castro era dos mouros e que viviran nel moitos anos. Dis que había unha viga de alquitrán e outra de ouro que iban cara o monte da Loba. Tamén se falou que uns veciños atoparan un muiño de man e un almirez!"

&_&_&_&_&_&

" Nese monte xa andiveron romexendo outros señores da Estrada, pero pouco deberon encontrar porque nada se soupo".

Dolores Janeiro Villaverde, 61 anos lugar da Igrexa.



C A S T R O D E S A N T A C R I S T I N A D E V E A

Número no mapa.- 3

EMPRAZAMENTO.- Sitúase este castro no lugar da Casa do monte da parroquia de Santa Cristina de Veá.

Atópase no cumo dun monte penedento, derradeira elevación dos montes de Toedo e Balóira, que se adentra no val de Veá facendo un mirador natural.

Chégase o Castro pola pista que sae da carretera de Santiago -A Estrada a altura do quilómetro dezaseis e vai pola igrexa de Santa Cristina. A carón desta igrexa hai que seguir por unha pista que nos leva ó pe do castro.


Dende o curuto óllase todo o val de Veá polo leste, norte e oeste, mentres polo sur están os montes de súa serra.

DEFENSAS.- Todas elas de terra moi esmo-recida, consérvanse un pouco ben as do sur xa que as outras ou non se notan ou están mesturadas coas terras das canteiras que na súa falda e dentro do castro se deberon explotar.

As pendentes exteriores chegas ós vinte metros polo sur e oeste. Polo norte o terreo é moi pino e non se ollan as primeiras defensas, na actualidade cheas de mimosas, pero o terraplen baixa uns corenta metros deica as primeiras casas.


A pendente do leste ten uns doce metros. Dende dentro do castro somentes se notan as defensas do sur-este coa mensura dende os tres metros a menos dun metro.

MENSURAS.- Ten o castro feitura dun peque-



no círculo, coas mensuras seguintes: Eixo de norte-sur uns cincuenta metros, mentres que o eixo leste-oeste ten uns cincuenta e dous metros.

PLANO DO CASTRO.-



OBSERVACIONES.- Dentro do castro hai moitos penedos pola banda do nor-oeste con mostras evidentes da súa explotación.

Ollados a fondo nos atopamos inscricións ou petroglifos. Tampouco ollamos restos de edificacións nin pedras labradas.

Está o castro cheo de árbores: carballos e pinos e unha matorreira de mimosas.



ACHAPEGOS.- Os posibles restos deben estar malos de atopar pola desfeita da canteira e as raíces das árbores. Nunha foca dun carballo a case un metro de fondo atopamos uns pequenós cachos de cerámica castreña que dibuxamos.

FOLCLORE.- "Neste castro viviron os mouros que tiñan enterrados nel os seus tesouros".



"O dono da casa que está ó pé do castro atopou, cando fixo un cuberto, ~~dois~~ aros, semellando arracadas das orellas, de ouro. Cando quixo comproba-la súa durezza romperon pois estaban focas e pola medio tiñan cinza.

O mesmo home atopou unha pedra toda foca por dentro como si fose un pequeno forno nunha soa peza. Agora xa non se lembra onde a botou."

"Seica xa hai anos dicían que o castro estaba maldito ou encantado e levaron o crego a desconxuralo."



borde inferior de ola de barro pobre



C A S T R O D E S A N B A R T O L O M E U

Número no mapa.- "2


EMPRAZAMENTO.- No mesmo linde das parroquias de San Xulián e San Andrés de Veá situase este castro no curuto dun outeiro no medio do val de Veá.

Chégase astra o castro pola pista, que saíndo da carretera de Cuntis a Santiago, no lugar de Trazaris, da fegresía de San Andrés de Veá nos leva deica á igrexa de San Xulián e denantes a capela de san Bartolomeu, anexo de San Xulián. Dende este capela, polo camiño do carro, a uns oitocentos metros, atopámolo castro.

Tamén chegamos a el pola carretera de Santiago- A Estrada, apartando en Baloiira pola pista que vai a San Andrés. Dende o cume dexérgase todo o val de Veá, aberto ó norte-sur. Polo leste pechan o horizonte os montes de Baloiira e Matalobos, mentras polo oeste óllanse ó lonxe o Xesteiras e os montes do Chedón.


DEFENSAS.- Pola banda da fora consisten nun terrapren moi costaneiro e de altura variable. Polo norte ten uns sesenta metros e remata ó pe dun regueiro que baixa dos montes de Frades; polo leste ten unha altura duns vinte metros desven unha chan de cinco metros e logo un parapeto duns sete metros. Polo sur enlaza co monte e ten uns dazaseis metros mentres que pola banda do oeste ten unha altura duns sesenta metros. Medidas as defensas dende a área do castro van desde os seis metros ó norleste a tres metros polo oeste.

PLANO DE EMPRAZAMENTO



MENSURAS.- Ten unha feitura ovalada de pouca excentricidade. O eixe norte-sur é o máis longo, uns cen metros, mentres que o eixe leste-oeste ten uns noventa metros.

PLANO DO CASTRO



OBSERVACIONES.- Tódalas defensas son de FOLCLORE

terra, sen embargo coidamos que deberon ter un basamento en pedra. Na actualidade están todas esmorecidas pola roza do toxo, das raíces das árbores e pola mesma erosión.

Dentro do castro non ollamos pedras nin tampouco restos de edificacións. Polo sur, na parte máis baixa das defensas, hai un portelo feito para lle dar entrada ós carros. Pola banda do leste ten un derrumbamento, segundo os veciños, foi unha mina que fixeron os paisanos na procura dos tesouros.

Todo o cume, o mesmo que as ladeira están poboadas de pinos, carballos e eucaliptos. As leiras están separadas por longas zanxas que mostran unha terra moura e vizosa e onde atopamos uns cachos de cerámica.

ACHADEGOS.- Nas zanxas divisorias das leiras atopamos uns cachos de cerámica lisa de color bermello escuro. Na colección do noso Colexio temos unhas peañas deste castro que dibuxamos nesta folla.

O dibuxo está feito coas mesmas medidas que teñen as pezas que encontramos e que temos gardadas no museo do Colexio.

Recollemos as seguintes:

" Hai unha viga de ouro que vai dende a porta da capela de San Bartolomeu deica o medio do castro. Descubreuna un veciño nunha corredeira, nas rodellas do carro, pero cnado voltou para cavala xa afondara tanto que non se via".

&_&_&_&_&_&

"Alí viviron os mouros moitos anos. Pola barronca do leste tiñan un túnel para baixar ó muiño a moe-lo grau do trigo".

&_&_&_&_&_&


" Hai moitos tesouros enterrados, pero xa cabaron moitos veciños e non atoparon máis que cachos de tellas".

Anuncia Castro, 65 anos
Lugar de San Bartolomé.

&_&_&_&_&_&

" Ollando de noite dende a nosa aldea cara ó castro víanse unhas luciñas que beilaban sobre del"

Francisca Rodeiro Loureiro, 72 anos
Lugar de Fonteboa, San Xorxe de Veá



C A S T R OV A L E N T E

Número no plano.- 4

EMPRAZAMENTO.- No cume dun monte alto, pino e penedento da parroquia de San Miguel de Barcala, preto do río Ulla, no mesmo linde coa parroquia de Carcacia, que xa pertence á provincia da Coruña, érguese o Castro Valente. Chégase deica el desviándose a esquerda no quilómetro seis da carretera de Ponte Cesures a Estrada polo tronzalumes da repoboación forestal. Está a uns catro quilómetros da igrexa do Caeiro, adicada a San Humberto.

Cos seus 398 metros constitui un mirador natural dunha fermosura incomparable. Dende o curuto óllase polo oeste o derradeiro curso do río Ulla, camiño da ría de Arousa e as vilas de Padrón e Ponte Cesures. Pola banda do leste os vales das Barcalas e pechan o horizonte os montes do Chendón. Polo sur dexérganse as primeiras estribacións do Xesteiras, mentres que polo norte abarcase as terras de Carcacia.


DEFENSAS.- As defensas son pedras amoreadas aproveitando os penedos naturais do monte. Soio ollamos defensas polas bandas do sur, leste e oeste, mentres que pola banda do norte non se albiscan.

Polo exterior do castro as defensas teñen unha altura que vai dende os dous os catro metros. Por dentro non chegan, na parte máis alta, ós tres metros. Todas elas son de pedra de tódolos grosos e están moi esmorecidas.

PLANO DE EMPRAZAMENTO

MENSURAS.- Pola banda do leste un outeiro fíxonos moi difícil toma-las mensuras.

O eixe norte-sur mide uns cento vinte metros.

PLANO DO CASTRO.

OBSERVACIONES.- A parte do monte que pertence a parroquia de Carcacia do Concello de Padrón está repoboada de pinos, mentres que a que pertence ó concello de A Estrada está a toxo no cacho de monte comunal. O cume do castro nunha e outra banda non ten árbores.

No castro o terreo e chan con bastantes penedos isolados e pola banda do leste comenza un curuto de rochas ben grandes. Pola banda dafora do castro, a uns cincuenta metros da defensa oeste, atopamos unha fonte sobre da que hai unha pedra horizontal que ten a seguinte inscrición:

RECTOR. DANZADO
DVº DIEGO PRA. 1705

A esta fonte chámanlle a fonte do Sauto.

ACHADEGOS.- Nos penedos que hai no castro non albiscamos ningunha señal de escritura ou dibuxo.

Nos terreos do tronzalumes, feitos dentro das defensas, nin nas focas que hai feitas, nin nos tobos dos raposas atopamos restos de cerámica.

FOLCLORE.- " No Castro Valente viviron os mouros. Como non eran capaces de botalos xuntaronse os veciños e colleron tódalas cabras de Confurco, aldea de Herbón, Requian, Trasande, Santa Mariña, San Miguel e Bandín e ataronlle velas ós cornos e de noite encenderon as e levounas o pastor polo monte arriba.

Os mouros colleron medo cando ollaron tantos guerreiros e fuxiron cara ó río Ulla. Uns afogaron xa no río e os que poideron salvarse foron mortos polos homes que xa os esperaban en Carcacia. Naquel forte non entraba ninguén xa que a muralla tiña catorce cuartas de ancho. Cada mouro tiña alí a súa fogueira".

&_&_&_&_&_&

As pedras da igrexa do Caeiro, adicada a San Xoan trouxeron-as do Castro Valente.


Tamén trouxeron a imaxe de San Xoan que estaba sobre da pedra da fonte do Castro. De noite a imaxe volveu para o monte onde estivera. Foron buscalo de novo e sacáronlle os zapatos para que non volvесе a fuxir. E alí quedou na nova igrexa.

Francisco Abalo Magán, 49 anos
Lugar de San Miguel de Barcala.

&_&_&_&_&_&

Na casa de Manuel Claro, da parroquia de San Miguel de Barcala, ollamos un xaro, que dibuxamos noutra folla.

Segundo nos contou este home atopou no mesmo sitio unha taza de vidro que se esnafrou toda no intre de cavar. O lugar onde a descubriu queda moi lonxe do castro Valente.



Xarro atopado por Manuel Claro na parroquia de
San Miguel de Barcala, na falda do Castro Valente.

OUTEIRO DE SAN XORXE

Numero no mapa.- 5

EMPRAZAMENTO.—Entre as aldeas de Souto e de Azoreiros, da parroquia de San Xorxe de Veá, na paraxe Outeiro, no curuto dun montelo atópase o castro. Está a catrocentos metros da carretera de Santiago A Estrada, quilómetro quince, a carón dunha pista que vai do Souto a igrexa parroquial de San Xorxe.

Dende o cume óllase polo norte un cacho do val do Ulla, Ponteveda e as leiras do axuntamento de Teo (Coruña); polo sur, as terras das parroquias de San Xorxe e San Andrés; polo leste o val do río Veá deica os montes de Baloiira e Matalobos, e polo oeste os lugares de Loureiro e máis lonxe os montes do Chedón. Distancia A Estrada uns oito quilómetros.

DEFENSAS.—Tóda-las pendentes do outeiro son bastante pronunciadas cun desnivel duns trinta metros, agás a da banda do oeste que é máis suave.


Non se ollan defensas do castro, nin de terra, nin de pedra; sen embargo pola banda do leste hai un altiño de terra que ben poidera sexa unha defensa esmoredida.

MENSURAS.—O cume é redondeado cun perímetro duns cinco centos metros.

OBSERVACIONES.—Esta ben coidado e cheo de pinos.

ACHADEGOS.—Ningún.


PLANO DE EMPRAZAMENTO



FOLCLORE.— "Este outeiro é diferente ós outros castros, pois nunca foi a vivien da dos moros. Foi un campamento romano onde viviron cando conquistaron España. Decían que ahí ten que haber tesouros enterrados. E Algúns veciños ben que cavaron"

Jose Balado, 73 anos, lugar de Fontenlo.

PLANO DO CASTRO



C A S T R O D E C O U S O


Número no mapa.- 6

PLANO DE EMPRAZAMENTO

EMPRAZAMENTO.- A carón do río Ulla, na parroquia de Santa María de Couso, na paraxe chamada do Castro, érguese un outeiro pequeno que aparece nalguns libros como castro.

Ten pendente a tódalas bandas cun desnivel dende o cume duns doce metros.

Aillado e con pouca altura, a súa panorámica queda reducida a unha parte da parroquia de Couso e ós montes que, un pouco máis abaixo, encaixonan ó Ulla no Lapido Chégase a el pola pista que sae na carretera de Santiago- A Estrada, uns trescentos metros despois da Ponte Vea. Recorrendo uns douscentos metros por esta pista xa se olla o castro.



FOLCLORE.- Preguntamos a bastantes veciños da parroquia sobre as lendas deste castro e ningún deles non soupo dicir unha só.


DEFENSAS.- Non ten defensas. Só polo leste o terreo ten unha pequena superficie plana como se fose o rellano do castro e logo sigue subindo cunhas richas no mesmo cume.

PLANO DO CASTRO

MENSURAS.- No se fixeron

OBSERVACIONES.- Para nós este monte é un outeiro sinxelo. Na metade da costa ten as amosas dunha canteira que foi explotada hai moitos anos. As terras e pedras removidas desta canteira deron lugar a ese rellano que semella o chan do castro. Está poboado de sobreiras e carballos.

ACHADEGOS.- Ningún.



C A S T R O D E R E N D A

Número no mapa.- 7

EMPRAZAMENTO.- Erguese este castro no monte da parroquia de San Xoan de Santeles, entre as aldeas de Renda e Vila-nova, nunha paraxe chamada a Torre. Chégase deica el pola pista que vai de Toedo a Santeles, á altura do quilómetro tres, na mesma aldea de Renda, a uns trescentos metros desta pista. Dista de A Estrada uns tres quilómetros.


Dende o cume óllase, polo leste, o val da Ulla astra Paradela; polo norte o Pico Sacro e a cidade de Compostela; polo oeste as terras da parroquia de Santeles e polo sur emparéxase co mesmo monte.

DEFENSAS.- A parte exterior do castro ten, polas bandas do norte e do leste, unha forte pendente que chega a un regato con un desnivel de corenta metros, mentres que pola banda do oeste é máis suave. Polo sur samente ten as defensas do castro erguidas sobre do monte exterior uns catro metros.


As defensas interiores teñen uns tres metros de altura. Dentro do anelo do castro, pola banda do sur-oeste hai un outeiro duns sete metros de desnivel coroado por unha rochas moi grandes no mesmo cume.

MENSURAS.- Ten feitura circular cuns cen metros de diámetro. O perímetro do curuto interior está arredor d'os sesenta metros. A altura total deste castro é de 247 m. sobre o nivel do mar.

PLANO DE EMPRAZAMENTO



PLANO DO CASTRO



OBSERVACIONES

O castro está poboado de pinos coas leiras ben coidadas. Nfáanse moi ben as defensas. Nas rochas do cume nin ollamos mostras de inscricións nin de petroglifos. A entrada ó castro, situada na banda sur, está protexida por unhas boas defensas.


ACHADEGOS.- A rente da terra xa se ollan cachiños de cerámica. No tobo dun raposo atopamos un cachos de cerámica lisa de color marelo. O pe dunha rocha encontramos unha masa de arcilla do mesmo color e de setecentos gramos de peso.

FOLCLORE

"Neste castro viviron os mouros moitos anos. Tiñan as súas tumbas, que eran unhas pedras chantadas, de pe, e logo outras deitadas encima. Estas pedras apareceron hai moitos anos. Algunhas levaron-as os veciños, pero outras levounas o cura para a igrexa".

"Estes mouros eran moito máis valentes que os que había no contorno e loitaban cos mouros de outros montes".

Ramón Baamonde, 72 anos
Lugar de Renda.



C A S T R O D E P E A R R O

Número no mapa.- 8

PLANO DE EMPRAZAMENTO

EMPRAZAMENTO.- Atópase este castro nun pequeno montelo entre as aldeas de Pea-ro e Arjones, as dúas na parroquia de San Xoan de Santeles a uns cinco centos metros ó sur-leste da igrexa parroquial. Unha pista da concentración pasa pola súa beira.

Para chegar a el vaise á igrexa de Santeles e por unha pista xa se atopa.

Pola banda do norte e leste olláanse as terras da parroquia e polo sur e oeste os piñeirais da mesma.


DEFENSAS.- A parte exterior ten unha altura, polo norte e leste duns seis metros e pola banda do sur e oeste está a dous metros das leiras.

As defensas interiores, moi esbandalladas, son de terra esmorecida e teñen pouco máis dun metro.

MENSURAS.- Non se puideron toma-las medidas por dentro do castro polo atranco que supón a mesta vexetación de xestas e codesos. Sen embargo o perímetro, de feitura circular ten ó pe de cinco centos metros.

OBSERVACIONES.- Foi moi pouco o que puidemos ollar. Está abandonado por completo. Díxonos un veciño que no vindeiro vrán fan porlle lume xa que aquilo é unha raposeira.

ACHADEGOS.- Ningún.




FOLCLORE.- " Neste monte viviron os mo-ros, pois daquela non había árboles e podían vixiar o río.Ulla.

Ten unha muralla pequena para defender-se. Dentro da muralla estaba a "eira dos mouros"

"Atopáronse tellas que parecían ladrillos, e muiños de man. Neste sitio aparecen bichos raros. Hai pouco tempo apareceron unha clase de cocodrilos pequenos."

Jesús Nodar Carbia, 63 anos, de Arjones.

PLANO DO CASTRO



C A S T R O D E A G U I O N S
=====

Número no mapa.- 9

EMPRAZAMENTO.- A seiscentos metros da igrexa parroquial de Santa María de Aguións e preto co pazo do Preguecido, atópase, no lugar de Cebados este castro.

Chegamos a el pola pista que vai a igrexa parroquial torcendo á esquerda polo medio do lugar de Cebados a uns catro-centos metros da derradeira casa da aldea. A unha distancia de A Estrada de tres quilómetros.

Dende o curuto óllase, polo norte o Pico Sacro, ó nor-oeste a cidade de Santiago; polo oeste, no horizonte lonxano destaca o monte xesteiras e polo leste as terras garimosas de Aguións.


DEFENSAS.- O montelo do castro, polo exterior, ten, polo norte unha forte pendente que baixa astra o río Liñares cun desnivel duns cincuenta metros; polo leste e oeste, con pendente máis suave, chega a un desnivel duns trinta e cinco metros e polo sur, somente uns seis metros.

No interior do castro só se ollan defensas polo sur e oeste cunha altura de tres metros, mentres que non se dexergan pola banda do norte e leste.


Tódalas defensas son de terra, moi anchas e esmorecidas.

MENSURAS.- Ten o Castro forma circular duns oitenta metros de diámetro.

PLANO DE EMPRAZAMENTO



PLANO DO CASTRO



OBSERVACIONES.

Na banda do nor-oeste hai mostras dunha canteira que seica foi explotada para face-lo Pazo do Preguecido. Está plantado e seguen coa repoboación de castiñeiros. Nos dous lienzos das defensas tamén hai estas árbores, pois o castro pertence o mesmo dono do pazo.

Somente ten unha entrada polo sur protexida de forte defensas.

ACHADEGOS

Nas covas dos castiñeiros recien prantados atopamos restos dunha cerámica lisa e de color roxo. Un cacho corresponde a unha asa dunha ola. Outro achádegos e unha masa informe de barro, tamén do mesmo color roxo.

FOLCLORE

Moi pouco sabía a xente de lendas encol do castro. Somente souperon dicir que aquilo fora a aldea dos mouros. En troques máis de dous veciños faláronos da fonte da Virxe que nace no fondo da pendente do castro, a carón do río Liñares.



" Debaixo do altar da igrexa de Aguíóns comenzou a nacer auga. Os veciños pensaron nun miragre, pero o crego cegou con barro a fonte.

Pouco tempo despois apareceu unha fonte no pe do Castro. A xente matinou que era o mesmo manantial que saía na igrexa. Enton chamoulle a Fonte da Virxe e a súa auga douselle poderes benéficos.

No tempo da Pascua os veciños van a Fonte da Virxe e coa súa auga bendicen as leiras e os cortellos dos animais!"




A


B
Cacho de ola

B

asa dun cacharro



A



masa de barro

C A S T R O D E T R A S M O N T E

Número no mapa.- 10

PLANO DO EMPRAZAMENTO

EMPRAZAMENTO.- Atópase enclavado no curvato dun monte que se ergue entre as parroquias de Paradela e San Martiño de Barbude, no lugar de Trasmonte, preto da igrexa de san Martiño.

Para chegar ó castro vaise pola carreteira de A Estrada - Arnois e ó chegar ó lugar de trasmonte, no quilómetro catro e medio, cóllese unha pista durante uns oitocentos metros, e logo, á esquerda, por unha pista forestal outros novecentos metros.


A panorámica que ofrece o cume polo norte, leste e oeste é maravillosa: todo o val do Ulla, o Pico Sacro e Compostela. Somentes polo sur o arbolado do monte impide a visión.

DEFENSAS.- O monte polo exterior ten unha forte pendente, cun desnivel duns sesenta metros polo norte e oeste; uns corenta e cinco pola banda do leste e enlaza co mesmo monte pola banda do sur.

As defensas interiores son máis altas polo sur e sur-leste chegando ós tres metros, mentres que no resto do recinto teñen un metro e medio. A entrada ó castro está situada na banda do leste e protexida por fortes defensas.


Na metade do castro, polo nor-leste, óllanse restos dunha muralla que debía separala acrópolis do castro.

Estas defensas, hoxe de terra esmorecida, deberon ser de pedra nalgunhas seccións.



MENSURAS.- O castro ten forma ovalada. O eixo norte-sur ten uns cento vinte metros e o eixo leste-oeste mide uns centocinco metros.

PLANO DO CASTRO



OBSERVACIONES.- Na actualidade medio castro está destinado a campo de festa parroquial, no que fixeron un palco para a música.

A parte norte tivo árbores (pinos) pero hoxe está toda queimada. Nesta parte hai moreas de pedras pequenas que tiveron que ser traídas a propósito pois en todo o cume non hai rochas nin canteiras. Pensamos podían ser da antiga acrópolis.

Arredor do palco, no campo da festa, hai moitas covas feitas para montalos telderetes dos carros do viño os días da festa.

ACHADEGOS.- Nas abundantes cobas atopamos cachos de cerámica de dous tipos unhas lisas, de arxila moura e pobre e outras decoradas con incisións e troqueladas. Estas últimas son máis finas e de cor roxo. Tamén atopamos un anelo de bronce e un cacho doutro.

O pe da folla facemos os debuxos o seu tamaño verdadeiro.

Nestas mesmas focas, a cincuenta cms. da superficie, ollamos restos de carbóns. Nas moreas de pedra atopamos unha, que tamen debuxamos no seu grandor e que ben puidera ser dunha casa do castro.

FOLCLORE.-

" Neste castro viviron os mouros moitos, moitos anos. Tiñan os seus fornos para face-los cacharros".

&_&_&_&_&_&

" Despois dos mouros vivíu no castro un home forte, valente e de longas barbas que tiña asustados a tódolos veciños, chamado o Barbudo; por iso se chama a parroquia e mailo castro de "Barbude".

&_&_&_&_&_&

" Hai anos viñeron uns homes e uns mozos a cava-lo monte e seica atoparon bastantes cousas".


&_&_&_&_&_&

" Cando se corta no toxo aparecen cachos de ladrillos".

&_&_&_&_&_&

" Alguns veciños andaron a procura dos tesouros dos mouros, pero, que se saiba, non atoparon nada".

Gumersindo Castro Brey, 70 anos
Lugar de Sanmartiño




Cacho de ola, lisa, pobre



Adornada, roxa




Anelo de bronce



Borde superior de ola
barro pobre




Lisa, roxa




Bermella


PEDRA DO CASTRO DE TRASMONTE



A l z a d o



P e r f i l



P l a n t a

C A S T R O D E V I L A G U D E

Número no plano.- 11

PLANO DE EMPRAZAMENTO

EMPRAZAMENTO.- Nun pequeno e redondeado outeiro que fai de desnivel entre as aldeas da Pica e Vilagude na parroquia de San Miguel de Moreira atópase este castro.

Polo norte óllanse as veigas de Moreira, polo leste sigue o monte e polo sur e oeste as camposas da parroquia.

Chégase a el pola pista que sae a esquerda no lugar da Pica a uns seiscentos metros da carretera de Balboa - A Estrada. Distancia a Vila uns seis quilómetros.

DEFENSAS.- Somen te pola banda do norte hai uns desnivel de dez metros e polas outras bandas enlaza coas veigas e o monte sen case desnivel. Non se ollan as defensas nin amosas das mesmas.


MENSURAS.- Está cheo de xestas e codesos de astra tres metros de altura que impiden face-las medidas. Asi mesmo non se nota o perímetro do castro.

ACHADEGOS.- Ningún.

OBSERVACIONES.- As plantacións de árbores, as divisións dos valos feitas polos veciños e as matorreiras non deixan ollalo castro.

FOLCLORE.- "Viviron xentes moi antigas e deixaron moitos rastros."

"Uns dicían que atoparon restos de tellas, outros dicían que non se atopaba nada, pero moitos foron busca-los tesouros."



" O cura de Moreira e outros amigos foron escarbar e atoparon unha pía de pedra, pero despois xa non seguiron cavando nin a sacaron dalí."

Josefa Guntín Coto, 80 anos
Lugar da Pica.

&_&_&_&_&

" Apareceron muiños célticos e unha hacha de pedra."

" Cando aparecían as "aparicións" alá pola noitiña víase unha galiña con doce pitíños".

Ramiro Torres Pena, 62 anos
Lugar de Moreira Nova.

PLANO DO CASTRO



C A S T R O D E F R I A M O N D E

Número no mapa.- 12

EMPRAZAMENTO.- Nun montelã pequeno ó noroeste da aldea de Friamonde da parroquia de San Martiño de Callobre. A uns douscentos metros da última casa da aldea.

Chégase a el pola pista que sae a dereita da carretera de Chapa a Carril a altura do quilómetro 17, que nos leva a aldea de Friamonde.

Debido a súa pouca altura só se ollan as terras e casales da parroquia a que pertenece.

Dista da Vila de A Estrada un seis quilómetros.

DEFENSAS.- Pola banda do este ten una pendiente suave que baixa astra os dez metros, mentres que polas demáis bandas a altura exterior non sobrepasa os tres metros.


Dentro non se ollan defensas interiores.

MENSURAS.- Como non se dexergan as defensas non puidemos toma-las medidas. Sen embargo non hai dúbida de que a súa feitura debeu ser ovalada.

OBSERVACIONES.- Está poboado de pinos e carballos pero tamén hai zonas de moitos codesos e xestas que son un atranco para ollalo en tódala superficie. E terreo non é chan pois ten pequeniños outeiros que o fan ondulado.

ACHADEGOS.- Nunha pènedra hai excavada unha pía pequena, que nós pensamos é moi posterior os tempos do castro.


PLANO DE EMPRAZAMENTO



FOLCLORE. "Decían os vellos que neste monte, antes de existir esta parroquia, viviron os moros. Tifían todo o monte rodeado dunha muralla. Para non salir dela fixeron unha pia nunha peneda que enchían de agua para os cabalos. Tamén se atopaban cachos de tellas e ladrillos das casas onde vivían".

Manuel Rosende , 65 anos, Lugar Friamonde.

PLANO DO CASTRO



C A S T R O D A A L D E A G R A N D E (C A L L O B R E)

Número no mapa.- 13

PLANO DO EMPRAZAMENTO

EMPRAZAMENTO.- O leste da Aldea Grande, da parroquia de san Martiño de Callobre, cinguido polos regatos da Fervenza, que baixa de Curante, e o de Rubín, na derradeira estribación dos montes de Ancorados, atópase este castro.

E un curuto alto e pino que sobe dende o fondo dos regatos astra unha planicie. Chégase ó castro por unha mala pista que sae á esquerda na carretera de Chapa a Carril 'a altura do quilómetro dezaseis antes de chegar á aldea de Callobre.

Despois dun quilómetro por esta pista baixase polo camiño do carro uns seiscentos metros.

DEFENSAS.- O montelo ten moita pendente con fortes desniveis dende os sesenta metros polo sur e corenta polo norte e oeste. Pola banda do leste empalma co mesmo monte.


As defensas exteriores son uniformes e teñen uns sete metros de altura sobre do camiño de carro que o arrodea. Por dentro do castro teñen uns tres metros.

Son de terra e atópanse moi esmorecidas.


MENSURAS.- Ten forma circular. Está cheo de toxos vellos e matorreiras que nos impediron a súa medición. Os nosos cálculos aproximan entre os cen e cento vinte metros de diámetro.

Toda a superficie está o mesmo nivel.

OBSERVACIONES.- Somentes poidemos recorrer unha pequena leira repoboada de eucaliptos hai pouquiño tempo.



PLANO DO CASTRO



Dos castro que ollamos é un dos menos desfeito pois queda bastante alonxado da aldea.


ACHADEGOS.- Ben pouca cousa se pode atopar nas condicións nas que se encontra.

Nunha pequena leira rozada do toxo e cunhas covas para os eucaliptos atopamos uns cachos de cerámica lisa de color roxo, que debuxamos nesta folla.

FOLCLORE.


" Neste castro viviron os mouros e deixaron o terreo maldito pois en todo o monte de foran medran tódalas árbores, pero dentro do castro non se logra ningunha árbore xa que ós catro anos comeza a secar!"

(Non se quixo identificar)



B

Cacho de ola



B

A

Cerámica lisa e pobre



B

A

Cachiños de color roxo

C A S T R O D E S A N T O T O M A S (A N C O R A D O S)


Número no mapa.- 14

PLANO DE EMPRAZAMENTO

EMPRAZAMENTO.- A trescentos metros ó oeste,

da igrexa parroquial de Santo Tomás de Ancorados, abrigando polo norte á aldea do Castro, que se mete no mesmo. É un montelo aillado que domina o val. Ollase dende o cume polo norte e oeste os piñeirais da parroquia, polo leste os montes da Rocha que cerran o horizonte e polo sur o pequeno val.

Chegar a el é o mesmo que chegar a igrexa parroquial, No quilómetro catorce da carretera de Chapa a Carril apártase á dereita pola pista de Ancorados. Dista de A Estrada uns nove quilómetros.



PLANO DO CASTRO


DEFENSAS.- As defensas exteriores son uníforme a todo seu entorno polas bandas do norte, sur e oeste, cunha altura duns tres metros. Só pola parte este ten máis altura pola rebaixa que os veciños fixeron do terreo.

As defensas interiores, se que as tivo noutros tempos, agora non se ollan.

MENSURAS.- Ten forma circular. Anque non poidemos toma-las medidas interiores debido as matorreiras de codesas e mimosas coidamos que o perímetro é duns cinco centos metros.

OBSERVACIONES.- Todo o cume está cheo de altos codesos e mimosas. É propiedade privada que o ten abandonado.

Na falda exterior óllanse pedras pequenas Semella un castro posto ali por persoas. O castro remata polo leste e norte nas leiras dos veciños. Polo sur xa se atopan as casas.




ACHAdegos.- A gran cantidade de matorreiras que invaden o castro foi o atranco máis forte que atopamos. Sen embargo nas mesmas bases do castro, nas lindes coas leiras da vecindade atopamos uns cachiños de cerámica, unhas de barro roxo e as mais lisas e barro mouro e pobre. Algunhas delas van debuxadas ó pe da folla.

FOLCLORE.- " Nun agro cerquiña do castro (a douscentos metros) sei- ca viviron os mouros. Neste agro cando se labraban as veigas apare- cían cachos de tellas e ladrillos que eran das casas dos mouros."


&_&_&_&_&_&

"No castro gardaban os tesouros e ti- ñan unha viga de ouro e outra de al- quitrán".


Marina Caramés Figueiras
Lugar do Castro, 54 anos.




Cacho de ola de barro mouro



Cacho de ola roxo



moura



borde superior de unha ola
barro mouro

C A S T R O D E R E M E S A R

Número no mapa.- 15

EMPRAZAMENTO.- A carón do cemiterio da igrexa parroquial de San Cristobo de Remesar, pola banda do norte.

Chegar a el é o mesmo que chegar a igrexa de Remesar, ou sexa, seguindo a pista que sae na carretera de Chapa a Carril, e que vai a San Pedro e Santo Tomás de Acorado, pasa por remesar e sigue a Loimil.

Ollase dende o cume ó norte os monte da Rocha, polo leste e sur as veigas e campos da parroquia e pola banda do oeste as terras e casales dos Acorados.

Distancia A Estrada un dez quilómetros.


DEFENSAS.- Pola banda exterior o desnivel do castro, polo leste e norte, chega ós vinte metros para acabar nun regueiro.

Pola banda do sur xúnguese co adro da igrexa cun desnivel de cinco metros. Polo oeste a súa altura é duns quince metros. Non se dexergan as defensas interiores. No medio, entre doce e oito metros da primeira defensa hai outro outeiro máis pequeno que coroa o castro.

MENSURAS.- Non se puido face-las medidas interiores pois a mesta vexetación de codesos, xestas e carballos son un verdadeiro atranco. Sen embargo o perímetro calculámolo arredor dos oitocentós metros.


OBSERVACIONES.- Pola banda do leste atopamos unha boa morea de pedra que semellan un valado. Todo el está cunha vexetación mesta e abandonado.

PLANO DE EMPRAZAMENTO



Unha parte do cemiterio novo está feito na mesma base do castro.

PLANO DO CASTRO




AÇHADEGOS:

Na mesma base do castro, no corte do terreo da carretera que chega deica a igrexa atopamos uns cachos de cerámica lisa, oscura e pobre. Debuxamos o seu tamaño os achadegos.

FOLCLORE:

"Aquí houbo un campamento de mouros. Outros din que foi dos romanos. No castro atopáronse bastantes cousas. Recordo que un veciño encontrou un muiño de man, pero non lle sei o que fixo coel. Con ese muiño seica moían o grau de trigo. Tamén se atoparon tellas e ladrillos".

José Constenla Mariño, 62 anos
Aldea de Outeiro



cerámica moura, lisa e pobre


C A S T R O T I O N

Número no mapa.- 16

PLANO DE EMPRAZAMENTO


EMPRAZAMENTO.- Atópase este castro no remate dos montes de Oca mirando o val de Riobó, a uns cen metros da carretera de Santiago a Ourense a altura do quilómetro 641, onde estaban erguidas as escolas parroquiais.

Dexérganse polo norte os montes da Rocha, polo oeste as terras e aldeas do Concello de A Estrada e alá o fondo o monte Xesteiras. Polo sur e leste os piñeirais dos montes ós que pertenece. A distancia a capital do concello é duns doce quilómetros.




PLANO DO CASTRO

DEFENSAS.- Polo leste está o mesmo nivel que as casas e a escola que están sobre do mesmo castro. Polo sur a pendente é moi escasa, mentres que pola bahda do norte e oeste ten unha forte pendente cun desnivel duns quince metros. Sen amosas de defensas interiores, pois unha que hai pola oeste pode se-lo r~~e~~lle no dunha canteira explotada no mesmo castro.



MENSURAS.- Polas obras e explanacións que se fixeron neste castro ó longo de moitos anos e o non esta-las defensas definidas non fixemos ningunha medición, xa que estas serían supostas.



OBSERVACIONES.- O castro primitivo está desfeito por completo. Unhas casas e as escolas están enriba del. Fóra do cierre das escolas hai os cimientos dunha capela.

Desta capela debuxamos o plano nesta folla. A beira hai un letreiro que pon: " N. Sra. de Castrotión"


"Fundador Br. Reimondez l.574"

C.I.T.

Achadegos.- Atopamos moitos cachos de tellas e ladrillos que refugamos porque coidamos son máis novos que o castro.


Un dos cachos que debuxamos ben podería ser cerámica castreña, pero tam-pouco podémolo asegurar.

FOLCLORE.- " Aquí, neste lugar, foi onde naceu Oca. Aquí estaba a capela e tamén estaba a cárcel."



Escala aprox. 1: 50

Planta da capela de N. Sra. de Castrotión



Cerámica lisa, moura e pobre

C A S T R O D E M O I M E N T A

Número no mapa.- 17

PLANO DE EMPRAZAMENTO

EMPRAZAMENTO.- Érguese este castro na parroquia de San Xulián de Arnois, no lugar de Moimenta, na paraxe chamada o Castro. Comprende un montelo que sube polo norte e oeste dende o río Ulla para seguir ó leste e sur a mesma altitude coas leiras da parroquia.

Chégase a el pola carretera que vai a Ponte Ledesma a seiscentos metros da carretera de Santiago a Ourense, no empalme de Balboa. Óllase o castro desde a mesma carretera.


Dexérgase dende o monte polo norte o val da Ulla e o Pico Sacro e a cidade de Compostela; polo oeste o belido val de Riobó e polo sur e leste as terras e casaes da parroquia de San Miguel de Castro.

A distancia a Estrada ven sendo de trece quilómetros.


DEFENSAS.- Non ten defensas interiores. No exterior o desnivel vai dende uns corenta metros ó norte ós vinte metros ó oeste, mentres polo leste vaise nivelando cos terreos e leiras da aldea. Polo sur o desnivel non chega ós cinco metros.

MENSURAS.- Ten forma ovalada sendo o eixo maior o que vai de norte a sur cuns cento corenta metros, mentres que o eixo leste-oeste está nuns cen metros.

OBSERVACIONES.- Monte propiedade particular de moitos veciños está ben limpo e cruzado por bastantes camiños de carro e valados dividindo as leiras.



PLANO DO CASTRO



ACHADEGOS

Percorrémolo todo e non atopamos mais que eses tres cachos de cerámica lisa de cor máis ben roxo por fóra e mouro por dentro.


Velaí o debuxo do mesmo grande que os cachos.

FOLCLORE

" Este monte é moi visitado por moita xente que van en busca dos tesouros aquí enterrados.

Seica apareceron anelos de ouro que levaron para Pontevedra. Tamén hai cachos de olas e tarteiras dos mouros que viviron aquí."

(Non se quixo identificar)



C A S T R O D E S A N M I G U E L

Número no mapa.- 18

PLANO DE EMPRAZAMENTO.-

EMPRAZAMENTO.- Atópase o Castro de San Miguel no curuto dun monte de 274 metros de altura, pino por tódalas bandas, na aldea de Castro da parroquia de San Miguel de Castro.

Para chegar a el apártase á esquerda na carretera que vai de Balboa a Ponte Ledesma a un quilómetro de Balboa. Logo xa está moi ben sinalizado.

Distancia A Estrada dezasete quilómetros. Dende o cume óllanse as terras do sur da provincia de Coruña: Teo, Vedra, Boqueixón, deica os montes da Arzúa, Ordesnes e Padrón; todo axuntamento de A Estrada e a meirande parte do de Silleda.


DEFENSAS.- Con moita pendente os desniveis son fortes pois pasan de máis de cen metros. Polo leste e norte baixan astra o rio Ulla.

No curuto non se ollan defensas pois está bastante traballado de novo.


MENSURAS.- O mesmo cume ten unha explanación ovalada duns sesenta metros o eixo norte-sur e duns corenta o eixo leste-oeste.

OBSERVACIONES.- No mesmo curuto fixeron unha caseta circular. Para subir o cume unha pista que vai volteando ó monte. no fondo do monte ollamos ó terreo de barro moi roxo e moi abondoso.

No perfil que abriu a pista no terreo ollamos, no medio da costa, a uns corenta centímetros da superficie, moitos cachos grandes de cerámica roxa. Na cima hai unhas pedras planas que mesmo se mellas, pola feitura, lápidas dos cemiterios.




PLANO DO CASTRO



ACHADEGOS.- Atopamos moitos cachos de ladrillos e olas de barro moi roxo do mesmo barro que atopamos ó pe do castro. Van debuxamos no seu tamaño uns dos moitos achadegos.

FOLCLORE.- Os veciños que atopamos non souperon dicirnos ningunha lenda encol do castro.




A

Barro roxo




B



B

Barro moi roxo



A

C A S T R O D E V I L A D A F O N S O

Número no mapa.- 19

EMPRAZAMENTO.- No curuto dun monte alto e pino que baixa das estribacións dos montes da Lagoa que fan as lindes do concello de A Estrada co de Forcarei, atópase o castro de Viladafonso.

Este monte é tamén a divisoria das parroquias de Santa Eulalia de Pardemarán e de Santa María de Olives, e por iso algúns autores sitúan un castro en Olives e outro en Pardemarán, pero este ven sendo o mesmo, ou sexa, un castro só.

Para chegar a el hai que chegar a igrexa parroquial de Olives que está nas faldas do castro e logo subir monte arriba.

Dende o castro ólláse unha extensa panorámica: polo norte as parroquias de Olives, Rubín, na vaguada; máis alá o Pico Sacro e máis lonxe os montes de Ordenes; polo sur os montes da Lagoa; polo leste as serras onde sae o monte e polo oeste os vales de Tabeiros, Liñares, a Vila de A Estrada e os montes de Cuntis.


DEFENSAS.- Pola banda do norte e do oeste sube a costa moi forte cun desnivel duns setenta metros sobre o val. polo sur o desnivel é mais pequeno, uns corenta metros tamén moi pinos e polo leste ten unha altura duns oito metros para elevarse dos outros outeiros.

Todo ó arredor as defensas son de pedra se ben están cubertas de vexetación. O desnivel, por dentro do castro, non chega a un metro polo relleno da erosión.


Dentro destas primeiras defensas hai unha franxa horizontal duns doce metros e volve a escomenzar a costa dun outeiro duns nove metros de altura.

Ten feitura circular un pouco alongada polo sur.

PLANO DE EMPRAZAMENTO



PLANO DO CASTRO



OBSERVACIONES.- Ollanse moi ben as defensas de pedra. O outeiro interior, con grandes penedos, foi explotado como can-teira. No cume ten unha cruz de cemento duns tres metros de altura. Está moi cuberto de vexetación: herbas e toxos.

ACHADEGOS.- Uns cachiños moi pequenos de cerámica lisa e moi pobre foron os únicos restos que atopamos.



Barro liso, moi pobre

FOLCLORE.- " Vivían os mouros e tiñan dúas minas. Houbo un curra vello na parroquia que sabía as entradas das minas pero nunca descubriu o segredo. As minas unha é de ouro e outra de alquitrán. Se se abre primeiro a de alquitrán explotaba todo o outeiro por eso o cura, como non estaba seguro de cal era a entrada da mina de ouro, nunquixo entrar nas minas."

"Eu nunca soupen que se atopase nada nese monte, pois os veciños pouco van a el."

(Eu non creo nesas trapallads e vaime perdonar que non lle dea a meu nome)

C A S T R O D E O U Z A N D E

Número no mapa.- 20

EMPRAZAMENTO.- Na parroquia de San Lourenzo de Ouzande, pola banda do oeste do lugar do Castro, metido na mesma aldea, atópase o castro.

Chégase a el pola pista que vai a Ouzande e á Somoza, a uns cen metros desta pista. Dende a Vila de A Estrada hai un quilómetro.


Ollase dende o curuto a Vila do Concello ó norte; polo leste o val de Tabeirós astra os montes de Pardemarín; polo sur as terras e casales da parroquia e os monte do Pedroso e Pedralba na Somoza e polo oeste siguen os montes de Penarada.

DEFENSAS.- Non ten amosas de defensas interiores nin exteriores. Pola banda do leste as casas dos veciños nas faldas do castro desfarían as posibles defensas; pola banda do norte as leiras dos veciños; polo sur as herbeiras e unha pista deformaron o terreo e polo oeste están as leiras da parroquia ó mesmo nivel.


MENSURAS. Non resulta nada fácil saber hoxe a onde chegaba o castro en sí. A feitura tivo que ser ovalada. O eixo maior, leste-oeste andaría polos noventa metros e o eixo menor, norte-sur uns setenta metros.

OBSERVACIONES.- Hai na falda do castro casas de construción moi anterga. O curuto é hoxe unha carballeira cos depósitos de auga dos veciños. Hai restos de valos dividindo as propiedades.

PLANO DE EMPRAZAMENTO



PLANO DO CASTRO



ACHADEGOS

Atopamos moitos cachiños pequenos de cerámica de dúas coores: uns de cor mouro e outros roxos. Ambas dúas son de cerámica lisa e pobre.

Nesta mesma folla debuxamos no seu gran-
dor algúns dos cachos atopados.

Un deles é o borde superior dunha ola.


FOLCLORE

"Dízia meu abuelo que aquí era o castro dos mouros". "Cando xogabamos no castro encontrabamos cacharriños pequenos e cachos de olas, que pra nós non tiña nin-
gunha importancia".


"Seica, hai anos, viñera un profesor do instituto da Estrada cos rapaces e atoparan restos de cacharros e cachos de tellas."

Francisco Blanco, 34 anos


Lugar de Castro, parroquia de Ouzande




Cara exterior roxa
Cara interior moura
gordo: 6 mm.



Borde superior de unha ola
moura



Arcilla roxa
4 mm.



roxa polas dúas caras
4 mm.

ACHADEGOS.- Só nas terras espurriñadas polo raposo para facer o seu tobo atopamos moitos cachos de cerámica, un verdadeiro morico delas, polo que coidamos deben estar enterradas baixo unha capa dun oitenta centímetros, Na folla seguinte facemos uns dibuxos a tamaño natural dos cachos máis representativos.

FLOCCLORE.- Na fonte do Chouso, preto do castro, hai unha viga de ouro e outra de alquitrán. Cando as rodela do carro cheguen a de alquitrán vai arde todo o lugar".

&_&_&_&_&

"Na veiga do castro un rapaz atopou un tesouro".

&&_&_&_&_&

"Decían os vellos que no castro vivían os mouros en casas redondas das que encontraron algunhas cando andaron facendo excavacións."

&_&_&_&_&


" Tiñan tesouros enterrados e dende o medio do castro astra o Pozo dos mouros, na Fervenza, tiñan un túnel para leva-los cabalos a beber".

&_&_&_&_&

" Tamén encontraron algunha ola enteira e moitos cachos de outras. No medio do castro había unha especie de muralla dividida en varias partes".

Carmen Ferro, 50 anos e outros
Lugar de Rial.

CERAMICA DO CASTRO DE GUIMAREI



Bordes superiores unha ola grande
15 mm. de gordo



Cachos de olas de 5 mm. de gordo



Outros cachso de olas de 5 mm. de gordo

C A S T R O - R A M I R O

Número no mapa.- 22

PLANO DE EMPRAZAMENTO

EMPRAZAMENTO.- Nas derradeiras faldas dos montes Pedroso e Pedralba que fan cos montes de Zóo os lindes dos concellos de Cuntis e A Estrada atópase a parroquia de San Andrés da Somoza. Na última baixada hai unha aldea de casas mestas chamada Castro-Ramiro.

Está a seiscentos metros da igrexa parroquiale deica a aldea chega a pista de A Estrada á Somoza, nunha distancia de cinco quilómetros.


Dende esta ladeira óllanse as terras da parroquia e Tabeirós polo leste; os montes da Rocha e o Pico Sacro, polo norte; o Pedroso polo sur e os montes de Ouzande polo oeste.

DEFENSAS.-Na actualidade está todo edificado e transformado. Non hai amosas de defensas por ningún lado. Polo leste baixa unha suave pendente astra un regueiro cun desnivel duns doce metros. O norte hai un desnivel de catro metros e o sur e oeste está emparellado co terreo.


MENSURAS.- Polas devanditas características non se puideron facer.

OBSERVACIONES.- Este castro tiña ben pouca defensa xa que polo sur e oeste o terreo non tiña altura. Dos castros ollados é un do menos defendidos pola natureza.

ACHADEGOS.- Ningún. Na casa de Francisco Blanco de Ouzande ollamos unha pía de pedra que se atopara desfacendo unha casa vella na aldea de Castro Ramiro.



PLANO DO CASTRO



FOLCLORE.- " Din que a verdadeira aldea estaba nun montelo máis preto do monte Pedroso. Alí, nunha chan, aínda se atopan tellas, ladrillos e vigas das casas antigas.


Nas faldas do Pedroso hai unhas covas que servían de refugio cando os atacaban outras tribus. Nestas covas din que hai pinturas, pero teñen unha portas de pedra que sólo se abren con palabras máxicas. Moitos escapados da guerra civil escondíanse nestas covas."

Xosé Sanmartin, 72 anos
Lugar da Somoza

" Este nombre de Castro-Ramiro ven dun fillo dun conde que vivía neste lugar. A este fillo deixoulle esta parte na que fixo a súa casa. Ramiro morreu moi novo e sucedeu outro irmán chamado Andrés. Este cambiou a capilla nunha pequena igrexa que ten o seu escudo pola parte de atrás. Por eso a Somoza ten por patrón a San Andrés. Logo o Andrés marchou para o pazo de Oca e dexou aquí un gobernador que lle levaba os arriendos cada seis meses. A súa morte a Somoza pasou ós arrendatarios".

(Non quere que se escriba o seu nome)

PIA DE PEDRA, propiedade de Francisco Blanco de Ouzande, atopada nunha casa vella de Castro-Ramiro.



Escala: 1 / 5

C A S T R O D E T A B E I R O S

Número no mapa.- 23

EMPRAZAMENTO.- Este vello castro atópase na parroquia de Santiago de Tabeirós, no lugar de Outeiro, que coidamos é o mellor topónimo para este castro.

Chégase a el pola pista que sae da carretera de A Estrada a Vilapouca cara Parada na Consolación, a trescentos metros da devandita desviación.


Ollase polo norte as terras e casales de Tabeirós; polo sur o Castro de Rivela; polo leste as veigas de Parada e os montes que a limitan e polo oeste os montes da parroquia.

DEFENSAS.- Non ten defensas interiores. Pola banda do norte está ó mesmo nivel que as leiras e casas, unha delas feita no mesmo castro; pola banda do sur cae perpendicular por unha rocha de máis de quince metros astra o regueiro de Longáns que baixa de Arca. Polo leste a pendente chega, máis suave, astra os trinta metros e polo oeste baixa uns seis metros.

MENSURAS.- O que hoxe puidese chamarse castro ten unha feitura ovalada. O eixo norte-sur ten uns setenta metros, mentres que o eixo leste-oeste mide uns coarenta e cinco metros. Os mesmos veciños lle chaman o monte da pedra.


OBSERVACIONES.- Do antergo castro non hai amosas de ningunha clase. Na actualidade é un outeiro cheo de rochas. Todo el un bloque de granito.

PLANO DE EMPRAZAMENTO



ACHADEGOS.- Ningún.

PLANO DO CASTRO



FOLCLORE

" Pola beira do regato hai unha rocha moi grande na que ningún home da parroquia se atreve a entrar, pois dentro hai un encanto que non coñece persoa algunha."

&_&_&_&_&_&

" Deste outeiro sacaron pedra para moitas casas da parroquia, pero os canteiros cando traballaban nela tiñan moito medo os encantos".

" O día 24 de Xunio, ou sexa, o día de San Xoán, a mañanciña, antes de saír o sol, ninguen podía ir ó castro porque saía unha cobra moi grande que acababa coa vida da persoa que se atrevese a desfacer este encanto."

&_&_&_&_&_&

"Hai moitos anos atopábanse debaixo da terra unhas conchiñas moi bonitas".

Carmen Sangiao Terceiro, 68 anos
Lugar de Outeiro

C A S T R O D E R I V E L A

Número no mapa.- 24

PLANO DE EMPRAZAMENTO

EMPRAZAMENTO.- No curuto dun alto monte que separa as parroquias de San Pedro de Parada e santa Mariña de Rivela atópase o castro de Rivela. O feito de estar na linde das parroquias fixo que nalguns libros apareza como castro de Parada e noutros como castro de Rivela.


Chégase a el pola carretera de A Estrada a Vilapouca torcendo a esquerda por unha pista que vai a Rivela e que arrodea ó castro. Distancia A Estrada uns nove quilómetros.

Dende o cume óllase polo norte unha extensa panorámica : os agros de Parada, o val do Ulla, o Pico Sacro, a cidade de Compostela e máis lonxe os montes de Ordenes. Polo sur o estreito val do Umia e os montes de Liripio; polo leste a aldea de Entrecastelos e as serras que a cerran e polo oeste o monte do Arnao e no horizonte os montes do Cádabo e de Arca.


DEFENSAS.- As pendentes son moi fortes polas bandas do norte, sur e oeste, mentres que polo leste empalma co mesmo monte. As defensas por dentro do castro son de pouca altura e nalgunha banda xa nin se ollan.

Dentro destas primeiras defensas hai un terreo chan duns quince metros de ancho que arrodea a outro curuto máis pequeno. A entrada o castro está situada da banda dos sur e cunhas defensas fortes.

MENSURAS.- Ten feitura circular duns setenta e cinco metros de diámetro. O curuto de dentro anda nos vinte metros de diámetros.



PLANO DO CASTRO




OBSERVACIONES.- Pola banda sur co curuto óllanse unha morea de pedras pequenas que semellan facer un círculo. Un pouco máis abaixo, neste mesmo lado, hai cachotas dunha canteira que hai tempo foi explotada.

Non ten vexetación, agás do toxo e sen conta-la parte da canteira está bastante ben conservado.

ACHADEGOS.- Nunhas covas xa feitas atopamos uns cachos de cerámica que debuxamos debaixo destas liñas. Unha delas é o borde dunha ola de cerámica lisa e pobre. Sen embargo outro dos cachos ten un barro roxo exterior con molduras moi finas.

FOLCLORE. Das persoas que entrevistamos ninguén soupo decirnos nada.




A

Borde de ola, barro pobre



B



Barro roxo



A

Barro roxo



B



Barro bermello

C A S T R O D E Q U I N T A S

Número no mapa.- 25

EMPRAZAMENTO.- Na paraxe do Castro, no lugar de Quintas da parroquia de San Xorxe de Codeseda, nun pequeno montelo, atópase o castro de Quintas.

Chégase a el pola carretera de A Estrada a Campo Lameiro a uns trescentos metros de Codeseda, torcendo a dereita outros trescentos metros por un camiño de carro.

No medio do val de Codeseda e de pouca altura, por tódalas bandas óllase o val, as leiras e casales da parroquia e os montes que o arrodean.

Distancia A Estrada once quilómetros.


DEFENSAS.- As defensas exteriores van dende os cinco metros pola banda do leste astra os quince metros pola banda do sur que baixa deica o regato das Quintas. Por dentro a defensa do leste é a máis alta, mentres polo sur no hai desnivel. Polas outras bandas teñen as defensas uns dous metros.

MENSURAS.- Ten feitura ovalada. O eixe norte-sur é o máis largo cuns cento vinte metros. O Eixe leste-oeste está o peduns cen metros.


OBSERVACIONES.- Dentro do castro houbo leiras a labradio, hoxe abandonadas con xestas e toxos. As defensas deberon ser de pedra pero na actualidade están esbaldalladas e trocadas pola man do home.

ACHADEGOS.- NINGUN.

PLANO DE EMPRAZAMENTO



FOLCLORE.- " Ese círculo que hai dentro do castro era a eira dos mouros que viviron nel moitos anos. Atopáronse algunhas cousas antigas. Seica houbo un tesouro enterrado pero coa axuda dun libro que tiña un veciño conseguiron encontralo. Tamén din que había unha pedra que tiña unhas culebras marcadas."



C A S T R O V I T E

Número no mapa.- 26

PLANO DO EMPRAZAMENTO=-

EMPRAZAMENTO.- Castrovite está situado moi preto das lindes que separan ós concellos de Silleda e A Estrada, na parroquia de San Pedro de Orazo. Atópase nun montelo aillado a carón da carretera de Santiago Ourense-Madrid a altura do quilómetro seiscentos trinta e seis.

No cume érguese unha igrexa, hoxe capela adicada a Santa Mariña, pero que foi parroquia en tempo pasados.

Dende o curuto óllase unha fermosísima panorámica que abrangue as terras de Silleda, Vedra, Teo e A Estrada.


A mesma palabra Castrovite pode vir de "castro de boa vista".

A distancia a Vila de A Estrada ven sendo duns dazanove quilómetros.

DEFENSAS.- Os moitos traballos que se levan feitos neste castro desfixeron as defensas das que falan diversos autores.

MENSURAS.- O curuto máis alto, onde se ergue a capela ten feitura circular, pero hai que ter en conta que tamén nesta parte houbo traballos posteriores.



OBSERVACIONES.- Hai mostras da explotación dunha canteira pola banda do leste, rochas que chegan deica o mesmo cume. Abriuse unha pista para chegar a capela que vai bordeando todo o castro. Fíxose unha explanación para o campo da festa, onde levantaron un horrible palco de cemento.



ACHADEGOS.- Na pista que sube ó cume, a setenta centímetros da superficie atopamos pequenos cachos de cerámica lisa e ladrillos bermellos.

Pola banda do naciente hai morea de pedras pequenas que ben poideron ser das casas dos homes que alí viviron.

PLANO DO CASTRO.-



HISTORIA.-

A estratéxica posición geográfica deste castro, cerquiña do castelo de Cira e á beira da divisoria da Diocese de Lugo e Compostela, xogou un papel moi importante en épocas pasadas.

Foi alí onde Xelmírez, no ano 1.100, tivo unha xuntanza cos irmandiños e cabaleiros importantes como Arias Nuñez, Xoan Díaz, etc para tratar a quen lle debían prestar vasalaxe ó emperador Alfonso VII ou a Dona Urraca.


A cruz da antiga parroquia de Castrovite era unha verdadeira xoia, tanto p pola súa antigüedade como polo seu valor artístico. Feita en cobre dourado ó lume tiña pedras preciosas.

FOLCLORE.- Foi moi pouco o que poide-mos recoller.


" Alí viviron moitos tempo os mouros"

" Nos tempos das loitas entre cregos e marqueses era unha fortaleza moi importante.

DIBUXO DA CERAMICA ATOPADA.- Son as verdadeiras mensuras dos cachos.




Ladrillo roxo de 2 cm. de gordo



Cacho de ola, barro roxo, 1cm. gordo



Cacho de ola, 5 mm. de gordo



Borde superior dunha ola, barro ber-mello.

C A S T R O D E M A R C E N L O S

Número no mapa.- 27

EMPRAZAMENTO.- Nun outeiro moi alto epino por tódalas bandas, ó leste da aldea de Marcenlos, da parroquia de San Xorxe de Codeseda, sitúan o castro.

Chégase a súa falda por unha pista que sae da carretera de A Estrada a Vilapouca, a entrada de Codeseda, torcendo a esquerda. A mesma pista lévanos á aldea do mesmo nome (Marcenlos).


Dende o cume óllase polo norte, moi cerquiña o castro de Rivela, máis alá a Vila de A Estrada e o val de Tabeirós, pechando o horizonte os lonxanos montes de Ordes; polo sur os montes da serra de Codeseda; polo leste o estreito val do Umia astra á parroquia de Rivela, e polo Poniente os monte de Arca e o Cádabo.

DEFENSAS.- As pendentas do outeiro son fortes e o desnivel chega ós noventa metros todo o arredor. Non se ollan defensas nin por dentro nin por fóra. O cume é chan con pequenos outeiro de moreas de pedras.

MENSURAS.- O cume ten forma de rectángulo. O eixo norte-sur é moito máis longo, uns 150 metros, mentres que o eixo leste-oeste ten uns oitenta metros.

OBSERVACIONES.- No cume hai amosas certas da explotación de varias canteiras. Algúns libros sitúan este monte na parroquia de Liripio, pero pertence, de certo, á de Codeseda. Está todo cuberto de toxo bravo, verdadeiro atranco para recorrela.

PLANO DE EMPRAZAMENTO




ACHADEGOS.- Ningún.

FOICLORE.- " Este monte nunca foi un castro. Castro é o de Rivela que está enfrente. Aquí chamámoslle Outeiro Grande ou monte do Menxoeiro. A pedra de canteria do Ayuntamiento da Estrada e a casa do Escobeiro (Banco Pastor) foi sacada deste monte.

Que nos sepamos non ten ningunha lenda"
José Bugallo, 54 anos, Lugar Marcenlos

PLANO DEL CASTRO



C A S T R O D E P E R R O Ñ O

Número no mapa.- 28

EMPRAZAMENTO.- Nun montelo que baixa a carón do río Umia, na paraxe do Castro da Perita da parroquia de San Miguel de Arca, erguese o Castro Perroño, hoxe o Castro da Perita.

Para chegar a el hai que deixar a carretera de Arca a Sevil á altura da aldea de Arca Pedriña, hoxe chámase a Goleta, e dende alí por un camiño de carro uns dous quilómetros.

Ollanse polo norte as terras, casaes e mosntes de Arca; polo sur, no fondo o río Umia e no horizonte, moi preto o monte do Cádabo; polo leste o val do Umia polas terras de Arca e polo oeste o monte sevil (Cuntis).

Distancia A Estrada uns catorce quilómetros.


DEFENSAS.- Ten un primeiro parapeto duns dez metros de altura polas banda do norte, leste e oeste, mentres polo sur a forte pendente nas precisa.

Despois deste parapeto ven un foso e logo dun desnivel de cinco metros veñen as defensas en pedra.


Por dentro do castro o desnivel é pequeno. Polo sur-leste está separado dun outeiro pequeno cun desnivel duns dez metros.

MENSURAS.- Ten forma ovalada, orientado de nor-oeste a sur-leste. Coidamos que o eixo nor-oeste ten uns 120 metros, e o eixo sur-leste uns 75 metros.

PLANO DE EMPRAZAMENTO



PLANO DO CASTRO




OBSERVACIONES.- Ollanse moi ben os parapetos e defensas nas que hai abundantes pedras de xeixos. Os mesmos xeixos aparecen tamén nas divisións interiores. O meirande atranco é a mesta vexetación de xestas, de máis de cinco metros e tocos, pois non deixan facer unha axeitada observación a tan interesante castro.



ACHADEGOS.- Nas raiceiras dun pino seco arrincado atopamos uns cachos de cerámica, das que debuxamos algunhas. Uns cachos son de barro, case branco e outros de barro escuro.



Borde superior recto
roxo



Dous cachos da mesma ola, barro case branco



liso, escuro

FOLCLORE.- "Aí tiñan os moros a súa eira e os seus fornos. Aínda recordan os vellos onde estaban os fornos, hoxe atopanse cerrados polas silvas e derrubamentos".

&_&_&_&_&_&

"Xa non recordo en que tempo, me parece que pola Pascua, aparecía unha galiña con doce pitiños de ouro. Para collelos había que dicir unhas palabras máxicas, pero como ninguén as sabe pois a galiña e os pitos desaparecían."

&_&_&_&_&_&

"Tamén contaban que hai unha viga de ouro enterrada no castro."

&_&_&_&_&_&

"Hoxe todo o mundo lle chama o Castro da Perita, porque a dona del dinlle a da Perita."

Manuel Campos Villaverde, 17 anos.

A. ESTRADA

S I N T E S I S

OBSERVACIONES XERAIS.-

As nosas observacións queren ser só iso, observacións sinxelas, endexamais fixemos mentes que sexan dogmáticas.

A meirande parte dos castros do Concello de A Estrada estudiados por nós neste traballo atópanse ó norte do mesmo onde hai regalía de augas: Ulla, Liñares, Vea, e outeiros de altura media (deica os 350 metros). Pola contra, a banda do sur, de cumios máis altos e menos auga, ten somente catro castros, to dos eles a carón do Umia.

Algunhas das nosas observacións, poucos son os casos, están en contraposición co que aparece escrito na bibliografía con sultada. Velaí unha mostra:

Varios autores sitúan o castro de Marcenlos na parroquia de Liripio, non obstante este castro atópase ó leste da aldea do mesmo nome que pertence á parroquia de Codeseda e polo tanto tamén o monte e o castro son da devandita parroquia de Code se da.

Outra das observacións que nos chamou a atención foi a falla de catalogación do castro de Aguións a tres quilómetros da Vi la de A Estrada. Castro representativo pola súa feitura e con servación e emprazamento, se ben os achádegos de cerámica que puidemos facer foron ben menguados.

Autores hai que lle poñen á parroquia de San Andrés de Vea un castro co nome de San Bartolomeu e co mesmo nome sitúan outro castro na parroquia de San Xulián de Vea. Non son dous castros senón un único castro que está entre as dúas devanditas parroquias.

O mesmo caso ocorre co castro de Viladefonso que pertence a parroquia de Olives, nas lindes da parroquia de Pardemarín. Os veciños desta última teñen alí herdades que lle chaman o castro pero que pertence a Olives. Está pois, este castro, du p li c a d o. xa que na parroquia de Pardemarin non hai tal castro. O topónimo de Castrelo desta parroquia non ten ningún castro como se da a entender nalguns libros.

Dous outeiros catalogados como castros: Castro Valente e o castro de Couso, nas nosas observacións non nos parecen admi tan tal definición. Castro Valente pola súa altitude rochas e

penedos que ten no seu cume. Puidera ser que o castro estivese nunha ladeira máis preto do río e onde apareceron restos de cerámica. O mesmo podemos dicir do castro de Couso que na actualidade semella ter unhas defensas feitas quizáis, cos escombros da explotación dunha canteira antiga.

Os castros vémoslos desfeitos, unhas veces polas pistas feitas de calquera xeito e outras polas obras e aproveitamento forestal dos veciños ó traveso do tempo. Por se isto fose pouco hai que engadi-lo abandono do monte polo noso labrego que non precisa do molime nin do toxo para abona-las leiras. Deste xeito hai castros cunha vexetación, xestas, codeiros e toxos, tan mesta que os fan materialmente impenetrables.

FOLCLORE.-

Respecto ó folclore observamos:

a).- Un esquecemento da xente nova encol das lendas dos castros, mesmo unha indeferencia xeral a escoita-lo folclore que nós lles diciamos para escomenza-la parola, chegando, nalguns casos, a rexeitalas. Proba disto é que en máis da metade dos castros recorridos a xente non coñece ningunha lenda.

Pensamos que esta actitude vén adda pola masiva utilización da televisión que esnaquiza a conversa familiar nas longas noites do inverno. Os vellos tamén son adictos á televisión e aínda que quixesen conta-las historias transmitidas polos seus devanceiros, os rapaces de hoxe, máis engaiolados cós vellos, non senten interés por estes "contos".

b).- Atopamos unhas constantes respecto ós temas. En case todos eles están as trabes de ouro e alquitrán. Esta última supón, co lume ou a explosión, o verdadeiro atranco na procura da trabe de ouro. As lendas dos tesouros están moi espalladas por Galicia pois é certo que se atoparon xoias deste metal: torques, brazaletes, arracadas e que ademáis este elemento foi explotado polos romanos. Aquí e forzoso engadir a influencia da lectura do libro o "Ciprianillo".

Dásenos por pensar que estas dúas trabes ben puideran representar-los dous espíritos do mundo: o ouro, dourado, reluciente, belido semellaría o espírito do ben; pola contra, o alquitrán ou chapapote, mouro, feo e fedorento é a encarnación do mal.

Outra constante que se repite sempre é a de que os castros

A ESTRADA

foron "vivienda dos mouros", que para estas xentes son homes chegados de fóra en tempos pasados pero sen especificar raza nin orixen.

As lendas que nos falan de encantamentos son moi poucas. Así: O de Perrono e Vilagude teñen a galiña cos doce pitiños de ouro.

No de Tabeirós aparece a cobra encantada na mañá de San Xoán. No de Pearo atopamos, segundo as xentes, animais raros, ("cocodrilos pequenos").

No de San Bartolomeu vense luces.

Somente atopamos un castro desencantado: O de Santa Cristina de Veá.

ACHADEGOS.-

Nos castros non fixemos ningunha coba nin buratas. A cerámica que reseñamos ó longo do traballo e outra máis que gardamos no museo da escola estaba fácil de ver:

No perfil dunha pista; nos castros de: Matalobos, Castrovite, San Miguel, Guimarei e Remesar.

No tobo dun raposo; nos castros de San Bartolomeu, Guimarei e Santa Cristina.

Nas cobas das árbores ou feitas polos veciños; nos castros de Aguíóns, Trasmonte, Perrono, Santo Tomás de Ancorados, Ouzande, Rivela e Renda.

A ESTRADA

Bibliografía

- ALVAREZ LIMESSES, G. Geografía General de Galicia
- BOUZA BREY, F. Castro de la Comarca de La Estrada
Cuadernos de Estudios Gallegos,
Fascículo I, Madrid 1.944
- CUEVILLAS LOPEZ, F., Joyas castreñas, Consejo Superior de I. Científicas, Madrid 1.951
- FILGUEIRA VALVERDE Y GARCIA ALEN, Carta arqueológica de la provincia de Pontevedra,
Museo de Pontevedra, 1.953
- REIMONDEZ PORTELA, M., Guía turística de La Estrada
Artes Gráficas Portela. Pontevedra 1.976
- VARELA CASTRO, P., La Estrada, Tipografía El Eco
Santiago 1.983
- VARIOS, Catálogo dos castros galegos. Fascículos
Cuadernos Nós.

A. ESTRADA

E P I L O G O

E velái o resume do labor dos nosos anceios, que se non ten valor arqueolóxico, pois xa dicíamos no limiar que non pretendíamos tal cousa, ten, en troques, a ledicia de haber coñecido un pouquiño mellor este recuncho feiticeiro da nosa Galicia, o concello de A Estrada.

Xa caeron do almanaque do tempo catro follas, ou sexa, xa pasaron catro meses dende o escomenzo do noso labor. Labor belido, ledo e garimoso que non estivo insente de intres cativos, desazós e atrancos.

Unhas excursións cheas de esperanza e misterio cando saíamos da casa. ¿ Atoparemos hoxe os tesouros dos "mouros que aínda non encontraron outros ?... Mentres que o coche deixaba atrás as leiras de millo, froito dourado dos nosos labregos, ou atravesaba verdes herbeiras, materia prima da economía dos campesiños, a nosa imaxinación voaba. ; Hoxe imos ter sorte !.

; Hoxe o mestre deixanos cavar !. Pero non; o cume, en troques de tesouros, ofrecíanos guinchos de afiados toxos que non tiñan mágoa das nosas pernas e o mestre seguía coa teima de non esnaquizar o castros. ; Pobres castros, como están xa eles !.
- Mestre, aquí sona a foco, podemos ollar ?.

As eixadas non tiñan traballo e os nosos degoiros conformábanse espurriñando a terra dun tobo ou a cova dun carballo arrincado polo vento.

; Que ledicia cando aparecía un cacho de cerámica !. Se tiña debuxos a nosa alegría non tiña límites.

Deste traballo non lembramos somente o contido arqueolóxico, que para nós foi maravilloso, pois houbo outros, senon tan instructivos, si tan fermosos coma el. As mornas seráns de outubro nos cumes dos montes, mentres o sol ia camiño do seu berce nas augas do Atlántico, non se nos esquencen. A vexetación mesta, reservada por nós para o Amazonas, tíñamola moi preto nalgúns castros, abandallados, esquencidos dos veciños e que nos daban mágoa de ollalos naquel estado.

As conversas coa xente labrega receosa o principio, paroleira e sinxela despois, tamén foi unha experiencia moi boa.

En fin, todo un feixe de vivencias que nos fixeron acadar novos e bos coñecementos da nosa terra. Coñecementos que con agarimo lle deixamos os compañeiros para que sexan eles os que busquen a cotío estas enseñanzas.

Figueroa, A Estrada, Xaneiro de 1.984

O Equipo de traballo